



MEMORIA TEMPORADA 2003



subcampeonas Principe de Asturias 2002

SUMARIO

- DATOS XERAIS DO CLUBE
- MEMORIA TEMPORADA 2003
- MEMORIA DAS COMPETICIONS ORGANIZADAS 2003
- RESULTADOS MAIS DESTACADOS DO CLUBE E PALISTAS 2003
- CLASIFICACIONES FINAIS 2003

DATOS XERAIS DO CLUBE

PRESIDENTE	D. CARLOS AGRA PAZ
V.PRESIDENTE	D. CARLOS PARADA SANTIAGO
SECRETARIO	D. ARTURO PAZ DIOS
ENTRENADOR XEFE	D. ARTURO PAZ DIOS
MONITORES	D. LUCIA VIDAL DACOSTA D. MARTA IGLESIAS POUSO

DIRECCIÓN

C/ Bao, s/n Illa de Arousa 36626
Tlf. 625336323-24
Mail piragüilla@airtel.net

AFILIACIONES

Federación Galega de piragüismo
C/ Italia, 35 Monteporreiro 36162 Pontevedra
Tlf.986842106 Fax. 986851108

Federación Española de piragüismo
C/ Anracita, 7-3ª 28045 Madrid
Tlf. 915064300 Fax.915064304

MEMORIA DA TEMPORADA 2002/2003

Pasou Un ano máis dende que se conseguiron unha serie de obxectivos e ilusións e outras quedaronse apiques de se conseguir.

Este ano tñamos varios obxectivos deportivos (liga nacional e liga autonómica, e a organización dunha regata amistosa de kayak de mar).

Na copa Xunta de Galicia acadamos a novena posición. Esta posición é o resultado da suma das puntuacións das oito regatas de infantís e mailos mellores resultados acadados en catorce das vinte probas realizadas na liga Copa Xunta de Galicia.

As clasificacións nas diferentes ligas foron as seguintes:

Ligas autonómicas.

En **infantís 5º**, na liga de pista no posto 25º, en ríos 7º. Outras ligas de menor relevancia pero que teñen tamén o seu interese, e nas cales participamos foron a liga provincial quedando en 8º posición.

Liga nacional.

En **infantís acadamos a 9º**, posición estando un ano máis entre os 10º primeiros dun total de máis de 130 clubs de toda España, na liga de Ríos, Travesías e Maratón, acadamos o posto 16º, acadando en pista o posto 64º.

No total da suma das diferentes ligas, **acadamos o posto 22º na liga nacional**.

VIII LIGA DE PISTA

A liga de pista non foi este ano un dos nosos principais obxectivos xa que non tínhamos un equipo de garantías para afrontala, pero si que algunha das regatas que componen esta liga entraban dentro dos nosos obxectivos.

Empezou a tempada co campionato galego de inverno en Portodemouros, o que acadamos con 8 palistas, no que acadamos a 18 posición por clubes.

A segunda regata foi o campionato de España de inverno celebrado en Portodemouros onde acadamos con 6 palistas, a clasificación acadada por clubes foi a 26º, a nivel individual destacar o subcampeonato de España de Beatriz Gomez en senior k1 e o quinto posto de Ramon Ferro no c1 senior

A terceira regata foi a nacional sobre mil metros que tivo lugar en Zamora e a que acadamos con 8 palistas quedando clasificados no posto 14º dun total de 63 clubes, a nivel individual acadamos o 2º posto de Beatriz Gomez no k1 e o 3º posto desta mesma palista con Dolores Cores no K-2 senior.

A última regata a que asistimos na liga de pista foi o campeonato Galego de Pista Junior e Cadete, con 12 palistas, acadando a posición 13 por clubes.

VIII GRAN PREMIO DE PROMOCION

Este ano un dos obxectivos principais era continuar coa mellora experimentada a tempada pasada, e que nos levou a acadar o posto 4º na liga de infantís.

A primeira regata celebrada na Pobra do Caramiñal acadamos con 14 palistas infantís, acadando o 4º posto por clubes, dun total de 39 clubes.

Na segunda regata celebrada en Padron, acadamos con 15 palistas infantís, quedando clasificados 7º posición, e a nivel individual, Carlos Agra, inf.A, clasificouse no 3º posto.

A terceira regata celebrouse en Valga, e acadamos a esta con 12 palistas, fallaron uns cantos palistas por diferentes motivos persoais a posición alcanzada por clubes foi a 11º, e repetiu trofeo a nivel individual Carlos Agra quedando 3º.

A cuarta regata celebrouse en Poio, aquí xa competían os alevíns, co que se incrementou notablemente o número de participantes con 38 palistas, e acadando por clubes o 5º posto, a nivel individual, Carlos Agra repetía a 3º plaza, ase mesmo Rogelio Dios en c-1 inf.B quedaba terceiro.

A quinta regata competíuse na Serra de Outes, a que acadamos con 40 palistas en categorías infantil e alevín, e na que acadamos o posto 5º por clubes, a nivel individual sacábanse 7 cuartos postos estando moi cerca do podium.

A sexta regata foi en Miño na Coruña, acadamos con 45 palistas, e acadamos de novo a 5º praza por clubes, acadando Rogelio Dios o único trofeo a nivel individual situándose 3º na súa categoría.

A sétima competición foi en Muiños en Ourense, a que acadamos con 48 palistas, acadando a 5º posición por clubes, tendo coma postos máis destacados a Carlos Agra na 2º posición e a Rogelio Dios na 3º posición.

A oitava regata foi en Portodemouros, competían palistas de toda España, acadamos a esta prova con 19 palistas, quedando no posto 8º de un total de 89 clubes, e sendo os cuartos Galegos, a nivel individual destacar a segunda posición de Carlos Agra en c1 inf.A, e acuartada de Rogelio Dios en c1 inf B.

A novena regata foi o Campeonato Galego de infantís celebrado en Pontevedra, o que acadamos con 19 palistas, quedando en 7º posición, a nivel individual conseguiron trofeo Rogelio Dios 3º, e Carlos Agra 2º.

VIII GRAN PREMIO DE RÍOS E TRAVESÍAS

A Liga de Ríos e Travesías era un ano máis o noso obxectivo e onde tínhamos a posibilidade de facer unha mellor clasificación. Consta de 10 regatas das cales ó final conseguimos situarnos na sétima posición. Este posto podía ter sido mellor se non fose por que algunha destas probas coincidían coas da liga Nacional de Ríos polo que tínhamos que dividi-lo grupo para optar a unha boa clasificación nas dúas ligas.

A primeira regata competimos no descenso do Miño de Lugo con 12 palistas, quedando por clubes no posto noveno, a nivel individual destacaron os primeiros postos de Ramon Ferro no c-1 senior, e de Dolores cores no k-1 senior

A segunda regata foi o descenso do Umia en Ribadumia, onde acudíamos con 13 palistas, a posición por clubes foi moi boa quedando en segunda posición, sendo os principais resultados individuais as primeiras posicións de Ramon Ferro, Dolores Cores na categoría senior e Alejandro Blanco este último no k-1 cadete, ase mesmo Raquel Navarro no k-1 dama junior acadou a terceira posición na súa prova.

A terceira regata foi o Trofeo Concello de Vilavoa, acudíamos en esta ocasión con 13 palistas, quedando por clubes no posto sexto, tendo como mellor actuación individual o primeiro posto no k-1 dama señor de Dolores Cores a 2º posición de Ramon Ferro no c-1 senior e a de Alejandro Blanco no k-1 cadete.

A cuarta regata foi o Trofeo Taxamar en Outes, Participamos con 12 palistas, quedando por clubes na 14º posición. Tivemos algunhas ausencias importantes dentro do equipo, xa que Ramon Ferro estaba competindo co equipo nacional no Europeo de Polonia, e Dolores Cores estaba lesionada.

A quinta regata foi II Trofeo Romería Vikinga, onde acudimos con 13 palistas. A posición por clubes foi de 9º, e a mellor clasificación individual foi a primeira posición de Beatriz Gomez no k1 dama señor e o segundo posto do k-2 senior de Felipe Marques e Elio Henriques.

A sexta regata foi o Príncipe de Asturias, cunha participación de 12 palistas, que competían contra palistas de toda España o ser esta unha regata de carácter nacional. Conseguimos o posto 7º por clubes, quedandonos en esta ocasión, fora do podium, por un problema no timon do k-4 dama señor, cando foron toda a prova disputando a primeira posición.


PIRAGÜISMO ILLA DE AROUSA

A séptima regata foi o descenso do Miño de Tuy. Acudimos a esta regata con 17 palistas tendo como posto máis destacado a nivel individual a Beatriz Gomez gañando o k1 dama senior, e acadando por clubes o 10 posto

A oitava regata foi a Travesia de Betanzos, acudimos con 14 palistas, quedando na posición 12 por clubes, e tendo coma actuación individual máis destacada o terceiro posto de Raquel Navarro no k-1 junior.

A novena regata foi xa en setembro caseque rematando a tempada, o lugar elixido foi o descenso do río Eume. Participamos con 10 palistas quedando no posto 17º por clubes, non conseguimos ningún podium.

A última regata foi o descenso do Río Sil no Barco de valedoras, acudíamos con 8 palistas, e acadamos o posto 11º por clubes, a nivel individual a actuación máis destacada foi a terceira posición de Felipe Marques no k1 senior.




II LIGA NACIONAL DE PIRAGUISMO

A liga Nacional de Piragüismo Henando Calleja ten un formato similar ó da liga Galega. Estés últimos anos, esta liga nacional consta de 8 regatas de ríos e travesías, 8 regatas de pista, e catro de infantís.

Esta liga era un obxectivo secundario porque o calendario galego xa estaba demasiado cargado coma para meternos en outras guerras, e por outra parte, non tínhamos minbres suficientes para afrontar as dúas ligas. Asistimos a todas as regatas de infantís, acadando 9º posto como clasificación final, así mesmo acudimos a todas as regatas da liga de Ríos e Travesías, acadando coma clasificación final o posto 16º.

Para a puntuación final sumárianse as catro regatas de infantís mailas oito regatas de pista ou de ríos. O noso clube ó final decidiuse pola liga de ríos.

Esta liga foi moi disputada durante todo o ano, pero finalmente acadamos un excelente posto 22º cun total de 185 clubes de toda España.



LIGA NACIONAL DE RÍOS E TRAVESIA

En esta liga de Ríos acadamos unha décimo sexta clasificación final, de 118 clubes participantes.

A primeira regata a que asistimos foi Travesia de Limpias en Santander, cun palista senior . Por clubes quedamos no posto 43.

A segunda regata foi en Ferrol na que participamos con 15 palistas, obtendo moi vos postos individuais pero sendo suspendida a regata posteriormente por problemas meteorolóxicos

A terceira regata foi a Festa da piragua Ciudad de Sevilla, a que acudimos cun so palista e acadamos por clubes o posto 38°.

A cuarta competición, a Copa de España de Maratón, celebrouse en Azagra, Navarra, onde acudíamos con 5 palistas, e cun obxectivo principal, acadar un posto entre os primeiros clasificados por parte de Ramon Ferro, no C1 senior, para poder ser incluído no equipo nacional de maratón, Este obxectivo cumpreuse ó acadar o 3° posto, o cal lle abreu as portas ó equipo nacional, o posto por clubes foi 19°

A quinta regata celebrouse en Aranzueu a que acudimos cun so palista, acadamos o posto 46 por clubes.

A sexta foi o Descenso do Sella o que acudimos 6 palistas e acadamos a 34 posición por clubes.

A sétima foi o Trofeo Príncipe de Asturias, prova da que xa faciamos un breve resumo anteriormente.

A oitava regata foi en Irún o Campeonato de España de Maratom, acudiamos a esta cita con 3 palista, acadando o posto 35 por clubes.

LIGA NACIONAL DE PROMOCION

A liga de promoción nacional era un dos nosos obxectivos o inicio da tempada. As expectativas eran boas, e a medida que avanzaba a campaña cumpríanse ditas expectativas.

A primeira prova faríase en Talavera de la Reina, a que fomos en dúas furgonetas con 14 palistas infantis e acadamos unha clasificación por clubs no posto 15°. De 93 clubs de toda España a nivel individual varios cuartos postos.

A segunda regata faríase en Mequinenza (Zaragoza). Participamos con 14 palistas infantis, acudimos a esta regata en autobús con outros clubs da comarca xa que as furgonetas facían falta para ir a outras regatas cos maiores, A clasificación por clubs foi o posto 10° de 87 clubs de toda España, a nivel individual conseguimos que tres rapaces quedasen de cuartos.

A terceira regata acudimos con dúas furgonetas, celebrábase en Zamora, participamos con 15 palistas e quedamos clasificados por clubs no posto 11°, a nivel individual conseguíronse 2 cuartos postos, e Carlos Agra e Rogelio Dios quedarían en Zamora 4 días nunha concentración nacional de infantis.

A cuarta e última regata de infantís foi en Portodemouros (Arzua) a cal acudimos con 19 palistas. O posto por clubs foi o 8° co que despedíamos esta liga cunha moi boa actuación, quedando Carlos Agra 2° a nivel individual e Rogelio Dios 4°.

Quedando clasificados o final desta liga de infantís na 9° plaza, mantendonos un ano mais entre os 10 primeiros clubs de toda España, dun total de 113 clubs participantes.

COMPETICIONS AMISTOSAS

Competicions amistosas as que asistimos este ano foron:

- Copa Presidente Xunta, onde acadamos a segunda posición por clubes, cunha participación de 16 palistas.
- Regata de infantis de Cambados, quedando 2º por clubes, con 46 palistas
- Regata de infantis e miores do grove, con 58 palistas.
- Regata de as Xubias na Coruña, con 6 palistas.

PARCICIPACION DE PALISTAS DESTE CLUBE EN CAMPIONATOS DE EUROPA E DO MUNDO

Un dos obxectivos do clube a principio da tempada, era ter algún deportista participando nalgún dos diferentes campionatos do mundo. O primeiro paso era entrar a formar parte do equipo nacional e posteriormente ser seleccionado para dito campionato.

Ramon Ferro conseguiu entrar no equipo de maratón un ano máis. O ano anterior estivo no mundial de Zamora, facendo C2 senior en compañía de Oscar Graña, este ano esta parexa representaría de novo a España esta primeira cita foi o Campeonato de Europa de Matarom disputado en Polonia, no que acadaron o **Subcampeonato de Europa**, por detrás da parexa Hungara, logo no mes de Septiembre acudiron o mundial que este ano se celebrou en Valladolid, acadando un mais que meritorio 5º posto.



MEMORIA DAS COMPETICIONS E CURSOS ORGANIZADOS

Este ano tiñamos previsto organizar unha regata de infantis amistosa, e unha volta turística a Illa de Arousa en kayak de mar pero o ter tanta actividade, e a falta de recursos humanos, fixo que fose imposible a súa organización.

Durante todo o ano disfrutaban das instalacións do clube un grupo de mulleres que fan Aerobic e gimnasia de mantemento o grupo oscila entre 25 e 13 durante o ano.

Ase mesmo disfrutaban do gimnasio un grupo de 44 socios durante todo o ano, algúns fan os exercicios por libre, e outros son asesorados polos monitores do clube.

O clube Celtiga, ben utilizando esporadicamente estes últimos anos, na pretemporada as instalacións do clube de piragüismo, co primeiro equipo 22 deportistas e cos xuvenís 22 deportistas.

A actividade principal, que o clube de piragüismo ten, é a promoción do noso deporte na Illa. Por eso dende o mes de Maio os monitores do clube dan charlas nos colexios da illa, proxectan vídeos, fan publicidade mediante trípticos ect.

Durante o ano pasaron polo clube para facer piragüismo 142 deportistas, dos cales 97 cursaron a licenza federativa, (a licenza federativa cursámola, unha vez que o deportista ten unha continuidade na súa asistencia, 2º ou terceira semana de asistencia o clube).

Esto fai que durante o ano 2003 disfrutaran das instalacións e material do Clube de Piragüismo Illa de Arousa un total de 255 persoas de todas as idades.

PROXECTO E ORZAMENTO DA ACTIVIDADE DA TEMPADA 2004

OBXETIVOS DEPORTIVOS

OBXETIVOS DEPORTIVOS

Este ano o obxectivo principal, e consolidar a promoción do piragüismo, nas edades inferiores, na illa. E ase mesmo intentar estar entre os 5 primeiros, na liga galega de promoción, e entre os 10 primeiros na liga nacional de infntis.

Nos maiores o principal obxectivo e mellorar as clasifcations nas diferentes ligas autonómicas, e asi poder estar entre os 8 mellores da liga copa Xunta de Galicia.

A nivel nacional este ano tivemos unha brillante actuación, quedando no posto 22º na liga nacional, e este ano queremos seguir estando entre os 25º primeiros clubs de España.

Os obxetivos individuais, centraranse sobre todo, en consolidar a participación de Ramon Ferro no mundial de maratón, que este ano se fai Bergen (Noruega). E na regata internacional de Marsella en Francia

Por outra parte tamén intentaremos que algún infantil, se coloque na selección galega de infantis, e nas diferentes concentracions nacionais, asi como os infantis que este ano xa son cadetes, esten entre os mellares da súa categoría, e sigan coa súa progresión en canto a aprendizaxe de totalas destrezas técnicas e físicas do noso deporte.

Outro obxectivo deportivo e a organización duna regata amistosa de kayak de mar en xulio, pola ria de Arousa , e unha regata amistosa de infantis e alevís no mes de setembro.

OBXETIVOS MATERIALES

OBXETIVOS MATERIALES

Como en estos últimos anos, un dos obxetivos principais e a modernización da flota de piraguas, xa que os modelos evolucionaron de tal maneira, que unha piragua que fai 2 anos era un modelo rápido, agora xa non ten nada que facer cos actuais.

Outro dos obxetivos, e incrementar a dotación de ergómetros, xa que somos un clube de mar, con moitos días de mal tempo, o cal imposibilita poder entrenar na auga, de ahí que teñamos que buscar outras alternativas.

Tamén témos que mercar material adecuado para os infantis,(piraguas estables, palas adaptadas o sua envergadura e forza, etc.)

PRESUPOSTOS DE GASTOS 2004

CAPITULO I

GASTOS XERAIS

GASTOS DE OFICINA.....	2.400
SEGUROS E REPARACIONES DE FURGONETA.....	4.800
CUOTA CLUB.....	90
OUTROS GASTOS.....	600

CAPITULO II

ACTIVIDAD ORDINARIA

MUTUALIDAD DE DEPORTISTAS.....	1.800
CAMPEONATOS DE ESPAÑA.....	2.800
COPA XUNTA DE GALICIA	
LIGA DE RIOS.....	1.250
LIGA DE PISTA.....	1.800
LIGA DE INFANTILES.....	2.000
LIGA NACIOONAL	
LIGA DE RIOS.....	2.600
LIGA DE PISTA.....	600
LIGA DE PROMOCION.....	3.600
GASTO GASOIL.....	4.200

CAPITULO III

DOCENCIA E TECNIFICACIÓN

CURSOS DE INICIACIÓN.....	3.000
BECAS A ENTRENADORES.....	12.020

CAPITULO IV

INVERSIONS

1 CANOA DE FIBRA.....	600
2 CANOAS NIDO ABELLA.....	2.000
4 TACOS CANOA.....	96
MATERIAL FERRETERIA.....	1.200
4 PIRAGUAS DE INICIACION.....	2.000
1 KAYAC ERGÓMETRO.....	1.800

PIRAGÜISMO ILLA DE AROUSA

CHANDALS E CAMISOLAS.....2.500

CAPITULO V

ORGANIZACIÓN DE PROVAS

REGATA DE INFANTIS.....1.800

REGATA DE KAYAK DE MAR.....1.800

TOTAL PRESUPOSTO DE GASTOS.....58.356

POSIBLES INGRESOS 2004

SOCIOS.....2.500

MEXILON DE GALICIA.....1.500

PUBLICIDAD FURGONETAS.....1.600

POSIBLE ESPONSOR.....3.000

XECRETARIA XERAL PARA O DEPORTE.....6.000

FUNDACION DEPORTIVA MUNICIPAL.....10.500

DIPUTACION PROVINCIAL.....1.800

PREMIOS LIGA NACIONAL.....4.800

PREMIOS LIGA AUTONOMICA.....2.500


RIFAS E LOTERIAS.....1.800

OUTRAS CONSELLERIAS.....12.000

TOTAL 47.000

PROXECTO E PRESUPOSTO DAS COMPETICION A ORGANIZAR

Este ano 2003 pretendemos organizar unha regata de kayak de mar, no primeiro fin de semana de xulio, aberta a todos os clubs de España e Portugal. O custo total xa ben reflexado no presupuesto de gastos.



Tamén queremos organizar unha regata de infantis, no mes de septiambre, aberta tamén a toldolos clubs de Galicia, e así mesmo o presuposto está reflexado no proxecto de gastos para o ano 2003.

PROXECTO E PRESUPOSTO DA INVERSIÓN EN MATERIAL PARA O ANO 2003

Un ano máis vemonos na obriga de invertir en material de infantis, xa que este material ten un maior deterioro, xa que os nenos están en etapa de aprendizaxe, tanto das destrezas deportivas, coma do coidado do material, a inversión consiste en 15 palas de fibra de vidro e 10 chalecos salvavidas.

PIRAGÜISMO ILLA DE AROUSA

Tamen imos mercar un ergómetro máis, pola necesidade que temos para remar con moita frecuencia, o mal tempo frecuente nesta zona, fai que non poidamos saír todos os días a palear.

Outra das necesidades que temos no clube, e a modernización da flota, xa que nos últimos anos a aparición de novos modelos fixo que se quedase anticuada a flota que poseemos.

- 15 palas de fibra de vidro.....1.400
- 1 ergómetro de entreno.....1.800
- 2 k2 de entrenamiento.....1.600
- 2 k2 de competición.....3.400
- total.....8.200

D. Carlos Agra Paz con DNI 35455074 en calidade de presidente do clube de piragüismo ILLA DE AROUSA.

CERTIFICO:

Que este clube non pideu axuda económica nin presentou este proxecto en ninguna outra institución pública.

PIRAGÜISMO ILLA DE AROUSA

PRESIDENTE

MEMORIA TEMPORADA 2003

PIRAGÜISMO ILLA DE AROUSA

MEMORIA TEMPORADA 2003